



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



ensinanzas
especiais e adultos



Escola
Oficial
de
Idiomas

Plan de continxencia

(Versión 15/10/2021)



Xacobeo 2021

ÍNDICE

- 1. Actuacións previas ante a aparición dun abrocho**
- 2. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial**
- 3. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial**



1. Actuacións previas ante a aparición dun abrocho

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado ou persoal do centro non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo COVID á maior brevidade posible.

3. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e en función do perfil do afectado, activarase o seguinte protocolo:


a) No caso dunha persoa maior de idade (persoal docente, persoal non docente e alumnado) que presente sintomatoloxía compatible coa COVID-19 no interior do centro:

1. Deberase colocar máscaras cirúrxicas a todas as persoas próximas e facer uso de xel hidroalcohólico para as mans.
2. Deberase identificar á persoa que presenta síntomas.
3. Se é maior de idade e pode valerse por si mesmo, a persoa deberá abandonar o centro e pórse en contacto co seu centro de saúde inmediatamente.
4. Deberase informar ao equipo COVID.

b) No caso dunha persoa menor de idade:

1. Deberase colocar máscaras cirúrxicas a todas as persoas próximas e facer uso de xel hidroalcohólico para as mans.
2. Deberase identificar á persoa que presenta síntomas.
3. Sen ausentarse, deberase contactar coa conserxería para informar da situación e que esta poida enviar apoio.
4. Deberase acompañar ao alumno ou alumna á sala de illamento (aula 2B, no segundo andar):
 - 4a) Non se poderá deixar soa á persoa sospeitosa de infección, mantendo a distancia de seguridade e ventilación na aula de confinamento.
 - 4b) O profesor deberá contactar coa familia do alumno ou alumna menor, que deberá acudir á maior brevidade ao centro e agardar no exterior sen acceder ao centro.
 - 4c) O profesor ou persoa responsable deberá conducir ao menor á saída do centro.
5. Deberase informar ao equipo COVID.

c) No caso dunha persoa maior de idade que presente sintomatoloxía compatible coa COVID-19 no interior do centro e que non poida abandonar o centro:



1. Deberase colocar máscaras cirúrxicas a todas as persoas próximas e facer uso de xel hidroalcohólico para as mans.
2. Deberase identificar á persoa que presenta síntomas.
3. Sen ausentarse, deberase contactar coa conserxería para informar da situación e que esta poida enviar apoio.
4. Deberase acompañar ao alumno ou alumna á sala de illamento (aula 2B, no segundo andar):
 - 4a) Non se poderá deixar soa á persoa sospeitosa de infección, mantendo a distancia de seguridade e ventilación na aula de confinamento.
 - 4b) Deberase contactar co centro de saúde do alumno ou alumna ou co 061.
5. Deberase informar ao equipo COVID.

De forma excepcional e no caso específico de que o alumno teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica, a persoa acompañante usará máscara FFP2, ademais dunha pantalla facial e bata desbotable.


Se o caso sospeitoso fose identificado durante unha clase, será moi importante ter a lista de asistencia do grupo actualizada.

O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, chamar ao centro de saúde e logo seguir as instrucións do mesmo ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo mediante o teléfono habilitado para o ámbito educativo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de COVID-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

Segundo o protocolo, considerase como **contacto estreito a calquera alumno, profesor ou traballador do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia inferior a dous metros durante máis de 15 minutos sen empregar máscara**. A Central de Seguimento de Contactos (CSC) determinará quen se considera como tal no centro educativo e dictará as medidas a seguir en cada caso.

5. Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da Covid-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos. Os conviventes dunha



persoa con síntomas compatibles coa COVID (alumno/aou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

6. Tras a aparición dun caso confirmado da COVID-19 seguiranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargarse da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. É posible que no centro teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As **persoas que teñan a consideración de contactos estreitos** da persoa cun diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena, estando illados nos seus domicilios e **suspenderán, mentres dure esta, a asistencia ao centro por un período de 10 días**, e sempre de acordo coas indicacións das autoridades sanitarias. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dunha banda horaria ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman unha



banda horaria completa onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

9. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial


1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da plataforma de videoconferencia Webex ou Falemos, en combinación coa aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, realizando tarefas que se asemellarán o máis posible ás que se realizan na docencia presencial. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou faciliten a avaliación continua da mesma.

2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. Así mesmo, identificará ao profesorado que precise dunha formación inicial en ferramentas dixitais e transmitirá os datos ao CFR para que faciliten dita formación.

3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Continuar coa actividade lectiva telematicamente empregando servizos de videoconferencia e aula virtual.
- As tarefas estarán subidas a aula virtual como coincidindo cos días de clase de cada grupo. Indicarase a data límite de entrega de ditas tarefas de xeito claro.



- O centro publicará na páxina web do centro, para coñecemento de toda a comunidade educativa, os horarios espello de todo o profesorado, que se aplicarán en caso de peche de aula ou de centro. Nestes horarios estará claramente indicado o horario da clase a través de plataforma de videoconferencia, a aula virtual a empregar e as horas de tutoría co alumnado.
- A docencia virtual síncrona a través de videoconferencia será dun 60% da duración total da sesión, respectando as horas e días de clase de cada grupo.
- O horario será de obrigado cumprimento tanto para alumnado como para profesorado, e levarase un control de asistencia.
- No caso de peche, o centro publicará un aviso na páxina web e o profesorado implicado contactará co seu alumnado para informalo da incidencia e ofrecer indicacións sobre a docencia virtual.
- O centro enviará ao servizo de Inspección Educativa unha listaxe do alumnado en situación de vulnerabilidade tecnolóxica para intentar garantir o dereito á educación deste.
- Cando durante o período de peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o departamento, co apoio da persoa Coordinadora TIC, quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado.

3. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial


Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna, se é posible.



- Reorganización das entradas e saídas, se é posible.
- Reorganización da distribución na aula, se é posible.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30 %.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definir obxectivos de aula que deben ser cumpridos por todos.
- Informar ao alumnado da importancia que ten manter a distancia física fóra da aula e do centro.

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60 %.

Obxectivos:

- Continuación coas medidas da Fase 2.

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana. Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado. Manteranse as medidas de seguridade básicas: mesmo sitio na aula todos os días, máscara e distancia de seguridade.

Obxectivos:

- Reforzar e fomentar hábitos de hixiene. Nesta fase todo o alumnado coñece as medidas necesarias en caso de pandemia.
- Informar periodicamente ao alumnado da importancia de cumprir unhas normas, tanto para eles mesmos como para a súa familia e os seus compañeiros/as. O non cumprimento das normas por parte dun alumno/a implica por en risco a saúde de moitas persoas.